



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER

Que pola Orde do 2 de setembro de 2019 se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de **axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial** ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2019/20 (DOG nº 172 do 11/09/2019) **ED421A**

Obxecto Axudar a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2019/20.

Requisitos dos/das solicitantes

1. Estar en situación de desemprego na data de publicación desta orde.
2. Ter rematados os estudos universitarios que lle dan acceso aos estudos do máster universitario con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017.
3. Estar matriculado/a no curso académico 2019/20 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos recoñecidos, validados ou adaptados.
4. Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 12 do Decreto 68/2018, do 21 de xuño (DOG núm. 128, do 5 de xullo) polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20.
5. Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

Contía da axuda

- Cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo do Decreto 68/2018, do 21 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG núm. 128, do 5 de xullo).
- A axuda só alcanzará para a realización dun único máster universitario.
- Quedan excluídas do importe da axuda as exencións e bonificacións do pagamento das taxas a que tiver dereito o/a beneficiario/a.

Lugar de presentación Obrigatoriedade por medios electrónicos a través do formulario normalizado ED421A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación ata o **21 de outubro de 2019**.

Máis información: **servizos sociais municipais**

Tordoia, a 11 de setembro de 2019

O alcalde

